

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 11 DECEMBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de decembro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón e Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 4 de Decembro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución concedendo subvención para a contratación dun traballador para a realización da obra ou servizo denominado “Brigada de Acondicionamento e adecentamento de espazos públicos”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución concedendo subvención para a contratación dun traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “Brigada de Mantemento e Reposición de Mobiliario Urban, Xardíns e Areas Recreativas”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural, remitindo Proxecto de construción dun depósito para a mellora do abastecemento de 100 m3 en Santo André de

Camporredondo, cun orzamento por contrata de 29.962,036 euros. Así mesmo os integrantes da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, prestan aprobación a dito proxecto”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución concedendo subvención para a contratación de dous traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “Grupo de Apoio as Actividades do Servizo de Urbanismo do Concello”.

-“ Convenio de Colaboración entre o Concello de Piñor, o Concello de Carballeda de Avia, o Concello de Ribadavia, o Concello de Carballiño, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Sociedade Galega do Medio Ambiente para a posta en marcha dun programa piloto de compostaxe doméstica”.

-“ Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando baixas no Servizo de Teleasistencia Domiciliaria”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución concedendo subvención para a contratación de catro traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “Grupo de Apoio ao Mantemento de Espazos no Contorno Rural”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución concedendo subvención para a contratación de catro traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “Grupo de Apoio ao Acondicionamento do Contorno Rural”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución concedendo subvención para a contratación de catro traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “Grupo de Apoio a Rehabilitación de Espazos no Contorno Rural”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADQUISICION DE INMOBLES PARA A CONSTRUCCIÓN DUN AMBULATORIO (P.A.C.) EN RIBADAVIA.-

“Considerando que, con data 13-11-06 e 05-12-06, emitíuse informe técnico pericial sobre o valor do ben, atendendo a súa calificación, ubicación, etc.

Considerando que, con data 05-12-06, emitíuse ó efecto informe favorable polo Interventor sobre a existencia de suficiente consignación presupuestarias para facer fronte ó pago do citado ben, en concreto na partida 60.600 600.00 432 (Adquisición de Terreos) do Presuposto vixente.

Considerando que, os propietarios dos inmobles obxecto deste expediente formularon contestación sobre a súa adquisición a título oneroso polo Concello, quedando constancia da invitación cursada a dito interesado.

Visto os informes de Secretaría con data 10-11-06 e 07-12-06, e de conformidade co disposto no artigo 21.1.p) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de

Réximen Local, e Resolución da Alcaldía de data 16-06-03, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Adquirir os seguintes inmobles:

1.- Referencia.Catastral 0618320NG7801N0001TE situado no Camiño da Barca nº 16, pertencente a Don Juventino Fernández Justo, que dispón de 605,09 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 12.101,8 euros.

2.- Referencia.Catastral 0618337NG7801N0001HE situado en San Lázaro nº 5, pertencente a Don Ramón Fernández Juste, que dispón de 578,24 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 11.564,8 euros.

3.- Referencia.Catastral 0618338NG7801N0001WE situado no Camiño da Barca nº 14, pertencente a Don Avelino Fernández Vázquez, que dispón de 843,90 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 16.878 euros.

4.- Referencia.Catastral 0618339NG7801N0001AE situado no Camiño da Barca nº 14, pertencente a Dona Generosa Fernández Juste, que dispón de 492,81 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 9.856,2 euros.

5.- Referencia.Catastral 0618340NG7801N0001HE situado no Camiño da Barca nº 14, pertencente a Don Ramón Fernández Juste, que dispón de 242,52 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 4.830,4 euros.

Os inmobles adquiresen libres de cargas, gravámens e arrendamentos e ó corrente no pago de Tributos. Os gastos de escrituración e rexistro correrán pola conta do Concello.

SEGUNDO. Dispoñer o correspondente gasto con cargo a partida 60.600 600.00 432 (Adquisición de Terreos) do Presuposto vixente.

TERCEIRO. Notificar os adxudicatarios o presente acordo e citalos ante a Notaría, no seu momento, para elevar a Escritura pública a adquisición realizada”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.